




Plan de mellora de camiños de titularidade municipal 2017



Orzamento



TOTAL: 15.998.673 €

Ano 2017: 7.999.336,5

Ano 2018: 7.999.336,5

* 100 % fondos propios da Xunta de Galicia.



Requisitos Principais

- Que se desenvolvan no territorio de Galicia, exceptuando as parroquias clasificadas como zonas densamente poboadas (ZDP)
- Que as actuacións propostas incidan sobre camiños de titularidade municipal
- Actuacións non incluídas nos anteriores Plans Marco: Programa de mellora de camiños de titularidade municipal (2013-14, 2014-15 e 2016)
- Unha vez presentada a solicitude de axuda non se admitirá a inclusión de novas actuacións distintas das contempladas inicialmente no proxecto de obra.
- Contratar o servizo de control de calidade das obras executadas.



Actuacións subvencionables

- O importe mínimo para cada unha das actuacións deberá ser igual ou superior a **6.000 €**. Para estes efectos, enténdese por actuación a intervención sobre un mesmo camiño, ou ben sobre varios, sempre e cando, neste último caso, as obras proxectadas teñan unha continuidade física.

- **Ampliación** ➡ Incremento da largura e lonxitude
- **Mellora** ➡ Reforzo do firme existente, mellora do drenaxe, seguridade vial, reforzo de noiros ou cunetas..etc
- **Mantemento** ➡ Do firme existente e das marxes
- ***Importante!!***
 - As actuacións que consistan en arranxo de fochas deberán incluír necesariamente tratamentos superficiais cunha lonxitude mínima de 50 m, e abranguer a totalidade da plataforma do camiño.
 - Quedan excluídas as actuacións exclusivamente en rúas en vías interiores dentro dos núcleos de poboación.



- **Gastos Elexibles**

- Obra civil vinculada á execución do proxecto
- Servizo de control de calidade da obra

- **Gastos NON Subvencionables**

- O Imposto do Valor Engadido (IVE) (21%).
- Os gastos correspondentes a actuacións que inclúan obras de alumeado, abastecemento e saneamento de augas fecais.
- Os gastos de redacción de proxecto, nin os de estudos necesarios para a súa redacción.
- Os gastos de dirección de obra, de coordinación de seguridade e saúde, seguimento arqueolóxico ou calquera outros servizos complementarios
- Gastos por taxas ou licencias necesarias
- Partidas a tanto alzado (**incidir**)
- Panel de obra



Único Proxecto

1. Identificación do seu obxecto e xustificación da súa necesidade
2. Arquivo electrónico (.kml) cos trazados dos camiños, conforme ás instrucións que estarán dispoñibles na páxina web de Agader
3. Planos de localización e de detalle necesarios, indicando o trazado exacto das actuacións, a súa lonxitude e largura e os puntos de inicio e final debidamente xeorreferenciados.
4. Xustificación dos prezos das unidades de obra.
5. Medicións e orzamento (excluído IVE)
 - A suma dos orzamentos de todas as actuacións **NON** poderá superar o orzamento máximo asignado para cada concello.
 - As unidades de obra dos proxectos manterán todos os elementos unitarios que a conforman nas tarifas **SEAGA** (man de obra, materiais, maquinaria, medios auxiliares). A cantidade necesaria ou rendemento da man de obra, materiais, maquinaria e medios auxiliares serán os mesmos, non obstante o anterior, poderán modificarse os prezos dos elementos unitarios referidos, sempre e cando o prezo da unidade de obra non supere o das citadas tarifas.
 - Os custos de control de calidade non deberán integrarse no orzamento do proxecto.



Documentación

- Proxecto de obra, nos termos previstos no artigo 4.3.a) do Plan Marco
- Certificación expedida pola persoa titular da Secretaría da entidade local, acreditativa dos seguintes extremos:
 - da designación legal do representante da entidade solicitante.
 - do acordo da entidade municipal relativo á participación neste plan de mellora de camiños.
 - da titularidade municipal dos camiños e a dispoñibilidade dos terreos necesarios para a normal execución das obras.
- Certificación da persoa titular da Secretaría ou da Intervención municipal acreditativa de que a entidade solicitante remitiu ao Consello de Contas as contas do último exercicio orzamentario a que legalmente está obrigada.



Principais novidades

1. Convocatoria bianual (2017-2018)
2. Anticipo da anualidade 2017 , previa Solicitud **➡** Anualidade executada
3. Os concellos deberán licitar as obras de acordo cos procedementos establecidos no artigo 138.2 do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público.
 - NON se admitirán os contratos menores, independentemente da contía do proxecto
 - Os criterios de adxudicación que se prevexan nos pregos de cláusulas administrativas particulares deberán incluír, necesariamente, o criterio do prezo, cunha ponderación mínima do **50%** respecto do total.
4. No caso de que se propoñan novas capas de rodadura de natureza distinta da existente, deberá xustificarse a súa necesidade en base a algún dos seguintes parámetros: intensidade media diaria, velocidade de base, tipo de tráfico agardado ou existente, pendentes, réxime de humidade, estudos xeotécnicos...